

I. Disposicións xerais

XEFATURA DO ESTADO

12376 *LEI 16/2005, do 18 de xullo, pola que se modifica a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, para regular as especialidades dos litixios transfronteirizos civís e mercantís na Unión Europea. («BOE» 171, do 19-7-2005.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A apertura que para os países da Unión Europea supuxo a consagración dun mercado único en que circulan libremente persoas, mercadorías, servizos e capitais poderíase considerar incompleta se non fose acompañada dun sistema de garantías que asegurase aos cidadáns europeos a tutela dos seus dereitos nese ámbito. É por isto que a tutela xudicial efectiva que, no noso dereito interno, consagra o artigo 24 da Constitución española, e que tamén se recolle no artigo 47 da Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea, debe tamén estenderse aos litixios transfronteirizos orixinados polo funcionamento do mercado único.

Esta tutela xudicial efectiva ten unha importante manifestación na chamada xustiza gratuíta, cuxo sentido último obedece á necesidade de que a carencia de recursos económicos non actúe como filtro das posibilidades de acceso á xustiza por parte dos cidadáns. Para paliar tal situación, o dereito español, xa desde antigo, creou o chamado «beneficio de pobreza», logo coñecido como «beneficio de gratuidade da xustiza», e que na actualidade coñecemos como «dereito de xustiza gratuíta», ou tamén, «dereito de asistencia xurídica gratuíta».

A propia Constitución no seu artigo 119 dispón que a xustiza será gratuíta cando así o dispoña a lei e, en todo caso, respecto dos que acrediten insuficiencia de recursos para litigar. De acordo coa xurisprudencia do Tribunal Constitucional (posta de manifesto en sentenzas como a 30/1981, 77/1983 ao 216/1988), a gratuidade da xustiza configúrase como un dereito subxectivo cuxa finalidade é asegurar a igualdade de defensa e representación procesual ao que carece de medios económicos, constituíndo a un tempo unha garantía para os intereses da xustiza.

Na actualidade, a regulación desta materia encóntrase na importante Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, a cal puxo fin á dispersión normativa até entón existente e que tivo como principal novidade a des-

xudicialización do procedemento do recoñecemento deste dereito, unha lei que agora se debe modificar para incorporar ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2003/8/CE do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, destinada a mellorar o acceso á xustiza nos litixios transfronteirizos mediante o establecemento de regras mínimas comúns relativas á xustiza gratuíta para estes litixios.

II

Pero ademais de incorporar ao noso dereito a citada Directiva 2003/8/CE, decidiuse aproveitar esta reforma da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, para introducir nela outras modificacións tendentes ben a actualizar a súa normativa a outros cambios operados no noso dereito, ben a cubrir determinadas lagoas ou deficiencias observadas ao longo destes anos transcorridos desde a súa aprobación.

Desta forma, a lei dá nova redacción ao artigo 2 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, para axustar o seu texto tanto á doutrina constitucional manifestada na Sentenza 95/2003, do 22 de maio, como aos cambios normativos que tiveron lugar nos últimos anos, como ocorre co réxime aplicable ás asociacións de utilidade pública.

Por outro lado, co albo de mellorar a protección dispensada ás persoas con discapacidade, na liña que xa seguiron outras normas (como a Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade), modifícanse o artigo 5 e a disposición adicional segunda para incluír no ámbito de aplicación da lei tales persoas con discapacidade e os que as teñan ao seu cargo, así como as asociacións que teñan como finalidade a protección de persoas con discapacidade.

Tamén aquí se aproveita para reconsiderar algúns aspectos xerais da tramitación das solicitudes de recoñecemento do dereito, que na práctica viñan prexudicando a efectividade da tutela xudicial que a Constitución consagra. Tal é o caso da consideración da suspensión dos prazos non soamente de prescrición, senón tamén de caducidade das accións con anterioridade ao inicio do proceso, e tamén a ampliación dos prazos con que contan avogados e colexios de avogados nos supostos de insustentabilidade das pretensións, e que resultaban manifestamente insuficientes nos supostos de maior complexidade.

III

A Directiva 2003/8/CE responde ao propósito da Unión Europea, declarado no Consello Europeo de Tampere do 15 e 16 de outubro de 1999, de instaurar unhas normas mínimas que garantan un nivel adecuado de xustiza gratuíta para os asuntos transfronteirizos no conxunto da Unión. Tales litixios transfronteirizos serían, de acordo coa definición ofrecida pola propia Directiva 2003/8/CE, aqueles en que a parte que solicita a xustiza gratuíta está domiciliada ou reside habitualmente nun Estado membro distinto daqueloutro Estado membro onde se encontre o

tribunal competente para o seu coñecemento ou no cal se deba executar a resolución.

Nesta orde de cousas, débese aclarar que os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea xa desfrutan actualmente de acceso gratuito á xustiza en España, aínda que non residan no noso país, nas mesmas condicións que os cidadáns españois nos termos que se conteñen na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita. No entanto, a Directiva 2003/8/CE recoñece dentro do beneficio da xustiza gratuita unha serie de prestacións non consideradas até o de agora pola lei española.

Así sucede co recoñecemento deste dereito a un colectivo que conforme a lei non o ten actualmente, e que son os nacionais de países terceiros que residen legalmente nun dos Estados membros. A lei recoñeceu até o de agora o dereito á asistencia xurídica gratuita aos estranxeiros que residan en España, despois de que a Sentenza do Tribunal Constitucional 95/2003, do 22 de maio, declarase a inconstitucionalidade de que tal beneficio se concedese unicamente aos estranxeiros que residisen legalmente en España.

Así mesmo, fronte ao recoñecemento na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, do acceso gratuito a todo tipo de procesos aos que acrediten insuficiencia de medios para litigar, comprendendo non só persoas físicas, senón tamén determinadas persoas xurídicas (asociacións de utilidade pública e fundacións inscritas no rexistro administrativo correspondente), a Directiva 2003/8/CE límitase a recoñecer o dereito á xustiza gratuita ás persoas físicas e unicamente nos procesos en materia civil e mercantil. No entanto, neste ámbito a directiva considera algunhas prestacións puntuais que a nosa lexislación non recolle, como son os servizos de interpretación, a tradución de documentos presentados polo beneficiario por instancia do tribunal ou autoridade competente e que sexan necesarios para resolver o asunto, ou gastos de desprazamento que corran por conta do solicitante do dereito, ben que a este respecto se deberá ter en conta o disposto no Regulamento (CE) número 1206/2001 do Consello, do 28 de maio de 2001, relativo á cooperación entre os órganos xurisdiccionais dos Estados membros no ámbito da obtención de probas en materia civil ou mercantil.

Débese precisar que a delimitación do ámbito obxectivo dos litixios transfronteirizos arredor dos procesos en materia civil e mercantil comprende tamén os litixios derivados dun contrato de traballo, de conformidade co disposto no Regulamento (CE) n.º 44/2001 do Consello, do 22 de decembro de 2000, relativo á competencia xudicial, o recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil. A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, xa recoñece con carácter xeral a xustiza gratuita aos traballadores, que agora verían ampliado o contido do seu dereito coas novidades que introduce o novo capítulo VIII desta lei para os litixios transfronteirizos.

IV

A partir destes presupostos, a incorporación ao noso ordenamento xurídico da Directiva 2003/8/CE baséase en tres postulados:

a) Os dereitos de xustiza gratuita de que xa desfrutan os nacionais da Unión Europea conforme a nosa lexislación vixente non deben minorarse ao abeiro da directiva.

b) O novo colectivo de beneficiarios (os nacionais de países terceiros que residan legalmente noutro Estado membro) debe acceder en España aos dereitos que lles recoñece a directiva.

c) As prestacións singulares que recoñece a directiva non consideradas pola nosa lexislación aplicaráselles

exclusivamente aos beneficiarios e nas circunstancias que prevé a directiva.

Estas circunstancias xustifican que as modificacións que implica a directiva comunitaria se agrupasen nun novo capítulo da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, cuxo réxime xeral non se modifica.

V

No novo capítulo VIII que se introduce na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, regúlanse tanto as especificidades derivadas do recoñecemento do dereito nos litixios transfronteirizos como as novas obrigas que asumen as institucións españolas como autoridade expedidora ou receptora das solicitudes de xustiza gratuita.

Débese aclarar aquí que, consonte o que exige a Directiva 2003/8/CE (considerando 32 e artigo 20), as disposicións do novo capítulo VIII van prevalecer, dentro do seu ámbito material de aplicación, e no que atinxa as relacións entre os Estados membros da Unión Europea (coa excepción de Dinamarca que se comenta a seguir), sobre os convenios internacionais subscritos sobre esta materia, como son o Convenio europeo relativo á transmisión de solicitudes de asistencia xurídica gratuita do 27 de xaneiro de 1977 e o Convenio da Haia de acceso internacional á xustiza do 25 de outubro de 1980. Fóra dese ámbito material ou en relación a Estados non membros (ou Dinamarca), mantéñense vixentes os convenios e tratados internacionais que sobre esta materia fosen ratificados por España.

Especial mención débese realizar do ámbito de aplicación que aquí ten o dereito á xustiza gratuita, que non comprende a totalidade de Estados membros da Unión Europea, xa que Dinamarca non está suxeita á aplicación da Directiva 2003/8/CE, posto que, de conformidade cos artigos 1 e 2 do Protocolo sobre a posición deste Estado anexo ao Tratado da Unión Europea e ao Tratado da Comunidade Europea, non participa neste ámbito e non se considera como Estado membro para efectos da cooperación xudicial civil.

Finalmente, igual que a Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, esta lei ten como fundamento competencial o establecido para o Estado no artigo 149.1.3.^a, 5.^a e 6.^a da Constitución española.

Artigo único. *Modificación da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita.*

A Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuita, modifícase nos seguintes termos:

Un. O artigo 2 queda redactado da seguinte maneira:

«Nos termos e co alcance previstos nesta lei e nos tratados e convenios internacionais sobre a materia en que España sexa parte, terán dereito á asistencia xurídica gratuita:

a) Os cidadáns españois, os nacionais dos demais Estados membros da Unión Europea e os estranxeiros que se encontren en España, cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar.

b) As entidades xestoras e servizos comúns da Seguridade Social, en todo caso.

c) As seguintes persoas xurídicas cando acrediten insuficiencia de recursos para litigar:

1.º Asociacións de utilidade pública, previstas no artigo 32 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

2.º Fundacións inscritas no rexistro público correspondente.

d) Na orde xurisdiccional social, ademais, os traballadores e beneficiarios do sistema de Seguridade Social, tanto para a defensa en xuízo como para o exercicio de accións para a efectividade dos dereitos laborais nos procedementos concursais.

Así mesmo, o dereito á asistencia xurídica gratuíta recoñéceselles aos traballadores e beneficiarios da Seguridade Social para os litixios que sobre esta materia se substancien ante a orde contencioso-administrativa.

e) Na orde contencioso-administrativa, así como na vía administrativa previa, os cidadáns estranxeiros que acrediten insuficiencia de recursos para litigar terán dereito á asistencia letrada e á defensa e representación gratuíta nos procedementos que poidan levar á denegación da súa entrada en España, á súa devolución ou expulsión do territorio español, e en todos os procedementos en materia de asilo.

f) Nos litixios transfronteirizos en materia civil e mercantil, as persoas físicas previstas no capítulo VIII desta lei, nos termos que nel se establecen.»

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 3 da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, que queda redactado como segue:

«5. No suposto do número 2 do artigo 6, non será necesario que o detido ou preso acredite previamente carecer de recursos, sen prexuízo de que se non se lle recoñece con posterioridade o dereito á asistencia xurídica gratuíta, este deberá aboar ao avogado os honorarios producidos pola súa intervención.

Tampouco será necesario que as vítimas de violencia de xénero, nin as vítimas do terrorismo, acrediten previamente carecer de recursos cando soliciten defensa xurídica gratuíta especializada, se é o caso, que se lles prestará de inmediato, sen prexuízo de que se non se lles recoñece con posterioridade o dereito a ela, estas deban aboar ao avogado, e ao procurador cando interveña, os honorarios producidos.»

Tres. Engádese un novo segundo parágrafo ao artigo 5, co que o actual parágrafo segundo pasa a ser o terceiro, coa seguinte redacción:

«Nas mesmas condicións sinaladas no parágrafo anterior, poderase recoñecer o dereito á asistencia xurídica gratuíta ás persoas con discapacidade sinaladas no artigo 1.2 da «Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade», así como ás persoas que os teñan ao seu cargo cando actúen nun proceso no seu nome e interese.»

Catro. O parágrafo terceiro do artigo 16 queda redactado da seguinte maneira:

«Cando a presentación da solicitude do recoñecemento do dereito á asistencia xurídica gratuíta se realice antes de iniciar o proceso e a acción poida resultar prexudicada polo transcurso dos prazos de prescrición, esta quedará interrompida, sempre que dentro dos prazos establecidos nesta lei non sexa posible nomearlle ao solicitante avogado e, de ser preceptivo, procurador da quenda de oficio que exerzan a acción en nome do solicitante. Cando a acción poida resultar prexudicada polo transcurso dos prazos de caducidade, esta quedará suspendida até se ditar resolución definitiva en vía administrativa, recoñecendo ou denegando o dereito, momento a partir do cal se reiniciará o cómputo do prazo.»

Cinco. O parágrafo primeiro do artigo 32 queda redactado da seguinte maneira:

«Cando o avogado designado para un proceso considere insustentable a pretensión que se pretende facer valer, deberá comunicalo á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta, dentro dos 15 días seguintes ao da súa designación, expondo os motivos xurídicos en que fundamenta a súa decisión. Transcorrido este prazo sen que se produza tal comunicación, ou sen que o avogado pida a súa interrupción por falta da documentación necesaria para avaliar a pretensión, este queda obrigado a asumir a defensa.»

Seis. O parágrafo primeiro do número 2 do artigo 33 queda redactado da seguinte maneira:

«Formulada a insustentabilidade da pretensión, a Comisión solicitará do colexio de avogados un ditame sobre a súa viabilidade que deberá emitirse no prazo de 15 días.»

Sete. Acrecéntase un novo capítulo VIII co seguinte contido:

«CAPÍTULO VIII

Asistencia xurídica gratuíta nos litixios transfronteirizos da Unión Europea

SECCIÓN 1.ª NORMAS XERAIS

Artigo 46. *Ámbito de aplicación.*

1. Nos litixios transfronteirizos terán dereito á asistencia xurídica gratuíta regulada neste capítulo exclusivamente as persoas físicas, que sexan cidadáns da Unión Europea ou nacionais de países terceiros que residan legalmente nun dos Estados membros. Para os efectos deste capítulo, enténdese por Estado membro da Unión Europea todos os Estados membros excepto Dinamarca.

2. O beneficio de asistencia xurídica gratuíta recoñecerase unicamente nos litixios en materia civil ou mercantil, así como nos procedementos extraxudiciais nestas mesmas materias cando a lei os impona ás partes ou o xulgado ou tribunal remita estas a eses procedementos.

En aplicación do Regulamento (CE) n.º 44/2001 do Consello, do 22 de decembro de 2000, relativo á competencia xudicial, o recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil, o beneficio de asistencia xurídica gratuíta recoñecerase, igualmente, nos litixios transfronteirizos derivados dun contrato de traballo.

A asistencia xurídica gratuíta poderase concederse tamén, cando se cumpran os requisitos que se exixen nesta lei, para:

a) A execución de sentenzas ditadas polos tribunais doutros estados membros da Unión Europea en que se obtivese o beneficio da xustiza gratuíta.

b) A execución de documentos públicos con forza executiva.

3. Nas relacións cos Estados que non sexan membros da Unión Europea, a aplicación deste capítulo non afectará os restantes convenios e tratados multilaterais e bilaterais ratificados por España.

Artigo 47. *Litixios transfronteirizos.*

1. Para os efectos desta lei, enténdese por litixio transfronteirizo aquel en que a parte que solicita a asistencia xurídica gratuíta reside habitualmente ou está domiciliada nun Estado membro da Unión Europea distinto daqueloutro onde se encontre o xulgado ou tribunal competente para o seu

coñecemento ou en que se deba executar a resolución.

2. Para a determinación do Estado membro en que está domiciliada unha parte do litixio transfronteirizo, aplicarase o disposto no artigo 59 do Regulamento (CE) n.º 44/2001 do Consello, do 22 de decembro de 2000, relativo á competencia xudicial, o recoñecemento e a execución de resolucións xudiciais en materia civil e mercantil.

3. O momento que se terá en conta para determinar se existe un litixio transfronteirizo será o de presentación da solicitude consonte este capítulo.

Artigo 48. *Autoridades expedidoras e receptoras.*

No ámbito de aplicación deste capítulo, serán autoridades expedidoras e receptoras das solicitudes de asistencia xurídica gratuíta a que se envíen ou se reciban en España os colexios de avogados.

SECCIÓN 2.ª RECOÑECIMENTO DO DEREITO EN ESPAÑA

Artigo 49. *Requisitos para o recoñecemento do dereito.*

1. Quen solicite asistencia xurídica gratuíta ao abeiro desta sección deberá residir ou estar domiciliado nun Estado membro da Unión Europea distinto de España. Para o recoñecemento deste dereito observaranse os requisitos establecidos nos artigos 3 a 5 desta lei.

2. Os límites económicos establecidos nesta lei non impedirán que o solicitante que os supere poida obter o beneficio se proba que non pode facer fronte aos gastos procesuais debido ás diferenzas no custo da vida entre o Estado membro da súa residencia ou domicilio e España. En tal caso, terase en conta o cumprimento polo solicitante dos criterios de carácter económico aplicables no Estado membro do seu domicilio ou residencia habitual para conceder a xustiza gratuíta.

Artigo 50. *Contido material do dereito.*

1. O dereito de asistencia xurídica gratuíta recoñecido ao abeiro desta sección comprende todas as prestacións indicadas no artigo 6, con excepción do seu número 2, coa extensión temporal do artigo 7, e, ademais:

- a) Os servizos de interpretación.
- b) A tradución dos documentos presentados polo beneficiario por instancias do xulgado ou tribunal ou da autoridade competente e que sexan necesarios para resolver o asunto.
- c) Os gastos de desprazamento que corran por conta do solicitante, cando as normas aplicables ou o xulgado ou tribunal requiran a súa comparecencia persoal para a defensa da súa pretensión, e o xulgado ou tribunal decida que non existen outros medios satisfactorios de tomar declaración. Para o obxecto de considerar se é necesaria a asistencia persoal do solicitante, dunha testemuña ou dun perito, os xulgados e tribunais terán en conta o previsto no Regulamento (CE) número 1206/2001 do Consello, do 28 de maio de 2001, relativo á cooperación entre os órganos xurisdicionais dos Estados membros no ámbito da obtención de probas en materia civil ou mercantil, así como, se é o caso, outros convenios ou normas aplicables.

d) A defensa e representación gratuítas por avogado e procurador no procedemento xudicial cando, non sendo legalmente preceptiva a intervención destes profesionais, sexa expresamente requirida polo xulgado ou tribunal mediante auto motivado en vista da complexidade do asunto ou para garantir a igualdade das partes no proceso.

2. Os documentos remitidos polas autoridades expedidoras competentes en aplicación deste capítulo estarán exentos de legalización e de calquera outra formalidade equivalente.

Artigo 51. *Solicitud de dereito.*

1. As solicitudes de asistencia xurídica gratuíta que proveñan doutro Estado membro da Unión Europea para un litixio transfronteirizo presentaranse ante o colexio de avogados do lugar onde se encontre o xulgado ou tribunal que deba coñecer do proceso principal para o cal aquela se solicita ou ante o cal se solicite o recoñecemento ou execución dunha resolución.

Cando o colexio de avogados que recibe a solicitude considere que é incompetente para a súa tramitación, remitiralla ao colexio que considere competente, de maneira razoada. Se este rexeitar tamén a solicitude, enviaraa ao Consello Xeral da Avogacía Española para que decida cal é o colexio de avogados da circunscrición do xulgado ou tribunal a que corresponde a súa tramitación, determinado este de acordo coas regras dos artigos 44 e seguintes da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuízamento civil, ou, se é o caso, nas normas internacionais que resulten de aplicación.

Cando se solicite o recoñecemento excepcional do dereito por concorrer calquera das circunstancias previstas no artigo 5 desta lei ou cando se alegue a imposibilidade de facer fronte aos gastos procesuais prevista no seu artigo 49.2, o colexio de avogados remitirá inmediatamente á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta a solicitude e documentación para que resolva sobre a pretensión deducida.

As solicitudes formalizaranse no modelo oficial establecido para o efecto, e poderán ser presentadas ben directamente polo interesado, ben a través da autoridade expedidora competente do Estado membro en que o solicitante teña a súa residencia habitual ou o seu domicilio. As solicitudes acompañaranse dos documentos en que se funde a pretensión.

2. No suposto de concorrencia de litigantes nun mesmo proceso, o recoñecemento do dereito deberá ser instado de maneira individualizada para cada un dos interesados, de acordo co disposto no artigo 12.

3. O Ministerio de Xustiza, a través do órgano competente en virtude do disposto no artigo 10 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, notificará á Comisión Europea os nomes e enderezos das autoridades receptoras ou expedidoras competentes en España, os ámbitos xeográficos sobre os cales teñen competencia, os medios para recibir as solicitudes e, se é o caso, a lingua ou as linguas oficiais das institucións da Comunidade, ademais do español e, se é o caso, das linguas oficiais da comunidade autónoma en que teñan a súa sede as autoridades expedidoras e receptoras, nas cales se aceptará que se presenten as solicitudes de xustiza gratuíta así como a documentación acreditativa correspondente.

Cando unha solicitude ou a documentación correspondente se reciban nunha lingua non aceptada en España, serán inmediatamente devoltas a quen os presentou para que proceda á súa tradución e presentación no prazo de 15 días contados desde a recepción do requirimento.

4. Unha vez presentada a solicitude, seguiranse nestes casos as normas previstas nos artigos 13 a 21 coa especialidade de que o prazo de emenda

de deficiencias do artigo 14 será de 15 días. Así mesmo, observaranse as normas recollidas no capítulo IV, no que resulten de aplicación.

En todo caso, deberá ser informado o solicitante sobre a tramitación da súa solicitude, cuxa resolución será motivada en caso de denegación total ou parcial.

5. Nos casos en que deba ter lugar en España o recoñecemento ou execución dunha resolución xudicial ditada por un xulgado ou tribunal doutro Estado membro da Unión Europea en que se obtivese o beneficio da xustiza gratuíta, o dereito á asistencia xurídica gratuíta instarase mediante solicitude en que se acredite o recoñecemento do dereito nese Estado e o cumprimento dos requisitos do artigo 49.

Poderase conceder, así mesmo, o beneficio da asistencia xurídica gratuíta para a execución en España de documentos públicos con forza executiva cando o solicitante acredite o cumprimento dos requisitos do artigo 49.

SECCIÓN 3.^a RECOÑECIMENTO DO DEREITO NOUTROS ESTADOS MEMBROS

Artigo 52. *Dereitos en España.*

As persoas físicas que teñan a súa residencia habitual ou o seu domicilio en España que se pretendan beneficiar de asistencia xurídica gratuíta noutro Estado membro da Unión Europea para un litixio transfronteirizo dos previstos neste capítulo poderán acceder en España aos seguintes dereitos:

a) Asistencia dos servizos de orientación xurídica do colexio de avogados correspondente á residencia ou domicilio do solicitante até que se presente a solicitude de xustiza gratuíta no Estado membro onde se encontre o tribunal. Esta asistencia incluírá o asesoramento ao solicitante para que a solicitude vaia acompañada de toda a documentación acreditativa que sexa necesaria para que se poida resolver sobre ela.

b) Tradución da solicitude e da documentación acreditativa necesaria que se deba presentar ás autoridades do Estado membro.

Artigo 53. *Tramitación.*

1. Os dereitos establecidos no artigo 52 poderanse solicitar ante o colexio de avogados que corresponda á residencia habitual ou domicilio do solicitante.

Se o colexio de avogados considerar que a petición carece de modo manifesto de fundamento ou non entra dentro do ámbito de aplicación deste capítulo, notificarallo ao solicitante no prazo de cinco días, e trasladará a solicitude á Comisión de Asistencia Xurídica Gratuíta para que decida de maneira definitiva sobre a negativa a remitir a solicitude.

2. Corresponderá ao colexio de avogados transmitir a solicitude de asistencia xurídica gratuíta ás autoridades receptoras do Estado membro da Unión Europea onde se encontre o tribunal competente para o litixio de que se trate. Remitirase no prazo de 15 días a partir da data en que a solicitude se encontre presentada na lingua ou nunha das linguas aceptadas polo Estado membro da autoridade receptora e tamén os documentos acreditativos, traducidos, se for necesario, a algunha desas linguas.

3. Sen prexuízo do previsto no número anterior, o solicitante poderase beneficiar dos dereitos establecidos no artigo 52 e presentar por si mesmo a solicitude de xustiza gratuíta ante a autoridade receptora competente do Estado membro en que se

encontre o tribunal ou en que se deba executar a resolución.

Artigo 54. *Denegación do dereito.*

Cando a autoridade competente doutro Estado membro denegue a solicitude de xustiza gratuíta realizada desde España con exercicio dos dereitos do artigo 52, exixírase, se concorren as circunstancias previstas no artigo 19, o reintegro dos gastos correspondentes ás traducións.»

Oito. Engádesse un novo parágrafo terceiro á disposición adicional segunda, coa seguinte redacción:

«Tamén se recoñece o dereito á asistencia xurídica gratuíta, sen necesidade de acreditar insuficiencia de recursos para litigar, ás asociacións de utilidade pública que teñan como fin a promoción e defensa dos dereitos das persoas con discapacidade sinaladas no artigo 1.2 da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de igualdade de oportunidades, non-discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade.»

Novo. Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sexta. *Información ao Ministerio de Xustiza sobre os litixios transfronteirizos.*

Para efectos estatísticos, os colexios de avogados enviarán semestralmente unha relación de solicitudes de recoñecemento de asistencia xurídica gratuíta nos litixios transfronteirizos celebrados nos demais Estados membros, con indicación expresa do Estado de que se trate, cando o solicitante do dereito teña a súa residencia habitual ou o seu domicilio en España, así como de solicitudes de recoñecemento de asistencia xurídica gratuíta nos litixios transfronteirizos celebrados en España, con indicación expresa do Estado de residencia habitual ou domicilio do solicitante do dereito, ao Consello Xeral da Avogacía Española, que este remitirá ao Ministerio de Xustiza.»

Dez. Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional sétima. *Emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos.*

As administracións públicas competentes procurarán e impulsarán o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos nos trámites ligados ao recoñecemento de dereito de asistencia xurídica gratuíta, e en particular cando se trate dos supostos previstos no capítulo VIII da Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta.»

Once. Engádesse unha nova disposición adicional coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Asistencia xurídica gratuíta ás vítimas do terrorismo.*

1. As persoas declaradas vítimas do terrorismo que acrediten insuficiencia de recursos para litigar, nos termos establecidos na presente lei, teñen dereito á representación e defensa gratuítas por avogado e procurador en todos os procesos e procedementos administrativos que teñan causa directa ou indirecta na situación que provoca a citada condición. Nestes supostos unha mesma dirección letrada asumirá a defensa da vítima.

Este dereito asistirá tamén os habentes-*causa* en caso de falecemento da vítima.

2. En todo caso, garantirase a defensa xurídica gratuíta e especializada de forma inmediata a todas as vítimas do terrorismo que o soliciten, sen prexuízo de que se non se lles recoñece con posterioridade o dereito á asistencia xurídica gratuíta, estas deberán aboar ao avogado e ao procurador, se é o caso, os honorarios producidos pola súa intervención.

3. Os colexios de avogados adoptarán as medidas necesarias para a designación urxente de letrado de oficio para garantir a asistencia e defensa das vítimas do terrorismo.»

Disposición derradeira primeira. *Fundamento constitucional.*

Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.3.^a, 5.^a e 6.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de dereito comunitario.*

O número seis do artigo único desta lei, mediante o cal se introduce un novo capítulo VIII na Lei 1/1996, do 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, incorpora ao dereito español as disposicións da Directiva 2003/8/CE do Consello, do 27 de xaneiro de 2003, destinada a mellorar o acceso á xustiza nos litixios transfronteirizos mediante o establecemento de regras mínimas comúns relativas á xustiza gratuíta para tales litixios.

Disposición derradeira terceira. *Habilitación normativa.*

Facúltase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades que cupran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 18 de xullo de 2005.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,

JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12378 *REAL DECRETO 824/2005, do 8 de xullo, sobre produtos fertilizantes. («BOE» 171, do 19-7-2005.)*

O solo agrícola é un recurso inestimable e limitado, cuxo potencial agronómico actual se debe ao labor desenvolvido polo home durante séculos. A degradación irreversible deste recurso supón non só destruír o ben máis prezado dos agricultores, senón hipotecar as oportunidades agrícolas de xeracións futuras. Por este motivo, a protección do solo constitúe un obxectivo prioritario nunha boa fertilización, para garantir a súa fertilidade e o seu valor agronómico, presente e futuro.

A aparición de novos produtos que conteñen nutrientes para as plantas e capacidade fertilizante non debe ser óbice para que se esquezan as súas posibles repercusións na saúde e seguraza das persoas e do ambiente, polo que procede regular a utilización de novos ingredientes na elaboración de produtos fertilizantes, de modo que eviten os seus posibles efectos nocivos na auga, o solo, a flora, a fauna e o ser humano.

A Unión Europea aprobou recentemente o Regulamento (CE) n.º 2003/2003 do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de outubro de 2003, relativo aos fertilizantes, e o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, que obrigan os Estados membros a modificar a súa normativa sobre produtos fertilizantes.

A primeira das disposicións comunitarias citadas, referida exclusivamente aos «fertilizantes CE», refunde nunha soa norma a lexislación anterior e derroga determinadas directivas que a contiñan. Así mesmo, declara a libre circulación dos «fertilizantes CE» e fixa unha serie de disposicións comúns sobre a súa composición, identificación, etiquetaxe e envasado.

Así mesmo, o Regulamento (CE) n.º 2003/2003 prevé que sexan os Estados membros os que complementen o seu desenvolvemento en determinados aspectos, tales como a expresión dos contidos en nutrientes principais e secundarios; a posibilidade de prohibir a circulación e venda de fertilizantes potencialmente perigosos para a saúde e o ambiente; a adopción de medidas de control para avaliar a calidade dos fertilizantes; a autorización de laboratorios de control; a posibilidade de impor taxas e a determinación dun réxime sancionador. Estes aspectos débense regular nuns casos mediante lei e noutros, mediante normas de rango regulamentario.

O Regulamento (CE) n.º 1774/2002 fixou restricións para os materiais de orixe animal que se utilicen para elaborar fertilizantes ou emendas orgánicas, así como unha serie de medidas que obrigan os Estados membros a garantir que estes materiais non contribúan á difusión de enfermidades.

Por outra parte, os produtos fertilizantes que non están considerados como «fertilizantes CE», veñen sendo regulados por disposicións de cada Estado membro. Así, no noso ordenamento xurídico, esta materia queda recollida no Real decreto 72/1988, do 5 de febreiro, sobre fertilizantes e afíns, modificado polo Real decreto 877/1991, do 31 de maio, e na Orde do 28 de maio de 1998, sobre fertilizantes e afíns, modificada pola Orde do 2 de novembro de 1999, que introduciu unha serie de garantías ambientais e de saúde pública en relación con estes produtos.

Co tempo, quedou demostrada a necesidade de modificar este conxunto de normas nunha serie de puntos; as innovacións máis importantes que se deben introducir son a aplicación aos fertilizantes nacionais de disposicións análogas ás recollidas no Regulamento (CE) n.º 2003/2003 para os «fertilizantes CE», a actualización das especificacións exixibles aos demais fertilizantes e outros produtos fertilizantes, o establecemento dunha regulación dos procedementos de autorización de novos tipos de produtos fertilizantes, sen esquecer a avaliación do posible impacto ambiental, dos residuos e substancias diversos utilizados como ingredientes na fabricación dos produtos fertilizantes, para garantir o cumprimento da Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos.

En consecuencia, con este real decreto preténdese, en primeiro lugar, concretar algunhas das disposicións do Regulamento (CE) n.º 2003/2003, respecto das cales a dita norma establece que deben ser desenvolvidas e completadas polos Estados membros e, en segundo lugar, refundir e actualizar a normativa nacional existente relativa ao